

# A buxaina



Para bailar póñenme a capa,  
porque sen capa non podo bailar.  
Para bailar sácanme a capa  
que con ela posta non podo bailar.  
Cando ma sacan bailo cunha pata  
no mesmo centro dun alegre ollar.



Pións e buxainas,  
*trompos* e nosellas,  
que bailen a centos  
en todo lugar:  
no monte e na chaira,  
na praza e na escola,  
na Lúa e no vento  
e na tona do mar;  
bailen na cidade,  
na vila e na aldea  
na rúas, nos barrios,  
en todo lugar.  
Que a Galiza enteira  
sinta tantas cóchegas  
que vira virando  
os pións lle fan.

Cando unha crianza baila  
a buxaina na terra  
con ela está a escribir  
a súa primeirísima metáfora.




Para o bailar  
levántase o brazo  
até a altura  
da estrela polar,  
dun pulo certo  
a man da crianza  
lanza un cometa,  
peón sideral,  
que baila xeitoso  
no embigo do mundo,  
mentres espera a  
corda umbilical  
que se deteña  
abala que abala,  
para a buxaina  
volver enrolar.

Quero bailar na man dun meniño  
e dunha nena na palma da man  
que se non bailo polo sanmartiño  
queda o camiño sen bo camiñar.





Que bailen veloces  
unha muiñeira,  
que bailen amodo  
con ritmo de *vals*.  
que bailen engorde  
con toda a paciencia  
ou bailen con forza  
mesmo até escachar.  
Camiñen danzantes  
ou viren dormentes,  
que bailen na unlla  
ou na palma da man;  
que risquen camiños  
que batan entre elas,  
buxainas alegres  
con ritmo e compás.



No sanmartiño  
peóns ao camiño...  
quiero bailarche  
na palma da man...  
No sanmartiño  
as piolas corten  
coma un asubío  
ao ar ao lanzar.  
Peóns, bailaretes  
que alegren a terra,  
crianzas sorríntes  
as vexan xirar,  
remuíños de vida  
mouméenlle ao vento,  
que escriban un verso  
ferróns escribáns.



Quero bailar na man dun meniño  
e dunha nena na palma da man  
que se non bailo polo sanmartiño  
queda o camiño sen bo camiñar.



Eu quero bailar polo sanmartiño,  
polo sanmartiño eu quero danzar,  
enroláme a capa con xeito e con grazia  
e con elegancia desenrolamá.



Aí vai, preparados, que o día chegou,  
de rañar a terra cos nosos ferróns.  
Enrolade a piola e man levantar,  
que o camiño espera aos nosos peóns.  
Que todas a unha as pequenas mans  
lancen mil buxainas a todo fungar.  
Para que o camiño dea bo andar,  
polo sanmartiño, velaí, velaí van!

*Texto de Antón Cortizas,  
ilustracións dos alumnos e alumnas  
do Colexio de Cariño*